

JANET NOVÁS PROTAGONISTA DE «O CORNO»

«Se recoñecen o meu personaxe é porque o corpo conta moito»

Non ve fronteiras entre danza e cine: «O que me interesa é comunicar»

MONTSE GARCÍA
SANTIAGO / LA VOZ

O currículo de Janet Novás (O Porriño, 1982) leva máis de dúas décadas medrando sobre as táboas como bailarina e coreógrafa. Agora é o seu debut no cinema como María, a protagonista de *O corno*, baixo as ordes de Jaione Camborda, o que atrapa as miradas de público e crítica.

—O seu debut como actriz non puido ser mellor: protagonista do filme gañador da Concha de Oro. Cando lle dixo si a Jaione Camborda pensaba nalgún momento que podían facer historia?

—Para nada. Non esperaba isto, pero tamén porque normalmente eu non teño a atención nos premios, nos resultados, senón máis no proceso e no interese do que me están proponendo. Cando alguén me ofrece un proxecto non penso onde vai a ir, senón no que me pode achegar, de que vai, se está vinculado aos meus intereses... e, en función diso, decido. O que máis ilusión me fixo foi o guiño da película e volver a Galicia, traballar en galego. De repente, era un proxecto que me apetecía moito.

—Jaione Camborda comentou que cando se imaxinou a María xa pensou en vostede. Con anos de traxectoria na danza, pensar algunha vez no cine?

—Si o pensara. De moi nova, xente do audiovisual comentárame que tiña moi boa cara para o cine. Fixera un documental sobre o meu traballo hai uns anos e é verdade que na cámara collía forza. Entón, son sensacións que tes por riba, pero nunca lle prestas moita atención. Ademais, se pensara no cine era para facer unha película máis como bailarina. De feito, cando me chamou Jaione pensei que ía bailar. Non teño a técnica, probablemente, pero



Janet Novás di que o que máis ilusión lle fixo de «O corno» foi o guiño e volver a Galicia. PACO RODRÍGUEZ

hai algo no que eu traballei moito na miña profesión que é poder falar desde un lugar moi honesto, que é algo que levo moitos anos explorando: como poder falar desde a orixe, desde o corpo, desde a voz...

—Por que o si definitivo?

—Foi un pouco as circunstancias nas que me atopaba a nivel profesional. Levo moitos anos traballando sobre min, de moita introspección, e tiña moitas ganas de poñer todos os coñecementos que teño ao servizo de alguén. O feito de que fose no cine era algo tan novo que era un reto moi bonito.

—Hai quen sostén que merecía a Concha de Plata como actriz. Leva moitos anos no mundo da danza, como se xestiona que agora a coñeza o gran público pola súa interpretación de María?

—Aínda non o sei, estou asimilando todo. Levas tantos anos na

danza para que se recoñeza o traballo... É un camiño duro, difícil, de picar moita pedra... e, de repente, entras pola porta grande no cine, como actriz protagonista, Concha de Oro para o filme... é estraño; pero intento observar por que pasa iso. Entón, creo que hai un traballo detrás de 20 anos, non é algo así por así. Veño de moito traballo e é o que se está vendo.

—A visibilidade que logra con este traballo no cinema, gustaríalle canalizalo para que tamén o gran público se achegue á danza?

—Para min tamén é unha responsabilidade. A danza é unha profesión moi necesaria e agora, con este lugar de visibilidade, apetéceme moito poñela en valor porque é unha das artes menos coñecidas. O feito que este personaxe de María teña tanto recoñecemento pola súa fisicalidade é porque o corpo conta moito. Entón, hai que coñecer desde onde

conta, desde onde se move, onde respira... e todo iso é traballo que facemos coa danza.

—O futuro oríentao a seguir compaxinando danza e cinema?

—Ao final, cando abres unha porta poden saír máis oportunidades. A min o que me interesa é comunicar. Para min non hai barreira entre danza e cine. Evidentemente, igual non podo facer calquera papel, serán retos aos que me teña que enfrontar se saen oportunidades e, se non saen, tampouco pasa nada.

—Afirma que non ve unha barreira entre a danza e o cinema.

—Eu penso que hai que traballar e formarse. A min tamén me encanta cantar tamén... Son unha persoa que me encanta comunicar, e se non queren chamarme artista, que non o fagan [rí]. Non teño a atención de ser unha cousa ou ser outra. Non me gustan as fronteiras.

«O que máis me gustou foi poder dedicarme só a crear»

Janet Novás explica que o que se leva consigo de María, a protagonista de *O corno*, é a contención. «Eu son moi explosiva no traballo, que é pura enerxía, trance; María ten todo iso, pero non o lanza fóra», afirma para engadir que na escena inicial do parto se apoiou moito no seu traballo na danza. Á vez que está coa promoción de *O corno* —«unha película que nos fala ao presente, como o non ter dereitos sobre o noso corpo e a sororidade»— a artista continúa coa danza e

co seu espectáculo con Mercedes Peón, co que irán a Romanía. **—O día antes da entrega de premio de San Sebastián estreaba un espectáculo de danza...**

—Xusto coincidiu na mesma semana e non foi fácil xestionar todo. Cando estou creando gústame estar moito na intimidade e xusto neste momento foi todo o contrario, foi visibilidade dun xeito esaxerado. Agora fixen a estrea no festival TNT de Tarrasa, pero a peza aínda ten que seguir medrando, como pasou coas mi-

ñas montaxes anteriores... É moide para min e, ás veces, hai que aceptar que non dás chegado a todo como querías. Este espectáculo é a primeira vez que só dirixi, que estou fóra do escenario.

—Acostumada a dirixir, a traballar na intimidade, pasa ao cine que é en equipo e baixo as ordes doutras persoas...

—O que me gustou moito desta oportunidade é que me permitiu dedicarme só ao meu traballo, que é comunicar e crear personaxe. A danza é un sector moi pre-

carío e teño que facer produción, distribución...; teño que atender a tantas cousas que non é creación, que sinto que non teño ese tempo para dar todo o que podo. Vendo o resultado de *O corno* e as críticas que estou recibindo, aínda me corrobora máis iso. Realmente, en *O corno* estiven só para iso, dedicada ao 100%, e iso permíteme dar o mellor de ti. Boas condicións, con coidados, é algo que sobre todo na danza, desgraciadamente, non nos podemos permitir.

PARA LEER



«Napátrida»

Erri de Luca

Traducción de Carlos Gumpert.

Editorial Periférica.

140 páginas. 12 euros.

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

«El fútbol es un juego de suburbios; se aprende en los escabrosos terrenos de las últimas casas, entre los escombros de los edificios en construcción. Uno aprende descalzo a encajar los golpes sin sentirlos, protegido por el capricho de gobernar el lanzamiento del balón con un pie [...] El fútbol hace brotar la gloria en las chabolas de los mortificados, junto a los vertederos de Buenos Aires, en las ardientes playas de Brasil. El astro más fulgurante, el más bravucón y el mayor prestidigitador del fútbol de todos los tiempos viene de las miserables Américas del Sur, súbditas del Norte, viene de las tiranías fraticidas. Maradona, Diego Armando, argentino como el tango, vino para que el viejo continente se le desorbitaran los ojos [...] ¿Vino para ganar? Sí, para eso también, pero no cuanto habría podido. No hay grandeza sin desperdicio». Esto —que podría ser una metáfora de Nápoles— escribe Erri de Luca (1950) en el breve texto titulado *Maradona*, uno de la veintena que compone su libro *Napátrida*, en donde vuelve sobre su ciudad natal, esa que abandonó para siempre cuando se marchó —huyendo de un opresivo ambiente, «tras una infancia soportada como una cuarentena»— a los 18 años, y reflexiona sobre el desarraigo sacudiendo con delicada firmeza las alfombras de la niñez. «Aunque Nápoles es barroca, mi vida y mi cuerpo no lo son: se han amueblado con un estilo distinto», dice el escritor en otra de las piezas, en la que admite que «el olfato del regreso, que olisquea materiales inertes de talleres extintos, ese olfato que preside los recuerdos sí que es barroco». Erri de Luca salió de allí, de sus calles, sus casas y habitaciones asfixiantes, para tratar de respirar. Y hasta cree que su amor por la alta montaña tiene que ver con esa necesidad de oxígeno limpio, de paisaje abierto, incluso cuando allá arriba el viento amenaza con arrancar las cordadas. Pero Nápoles también lo hizo fuerte, un superviviente, y amante de la palabra poética.